



VIAXANDO cara ás Illas luminosas, a transparencia, as utopías perdidas, as insuas das herbas, a brancura dos seixos, os ríos na anoitecida, o espiño albar, os lobos nas tebras, a tardiña, as tartarugas durmidas, os elefantes de antano, os hipopótamos

de pracer, os regueiros sombrizos, os areais translúcidos, as Illas

das Mazás; viaxando

cara ó túmulo dourado, o Norte luminoso, as lufadas de vento, os tremelucires da tarde, as fiestras abertas, os dolmens fincados,

as ausencias no tempo; e xorden

abrollos de ocasos, outeiros de lume, latitudes perdidas, palmeiras

da nostalxia, hedras rubidoras, pedras de rafia;

viaxando cara ás insuas, ás espirais da terra, horizontes de océanos, bocas turbadoras, recunchos de sombras, mananciais fresquísimos, fulgores tinguidos, rumores afastados, lirios entre os fentos.

Viaxando

cara á intensidade do Atlántico.

Lucía Novas